# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

# ANUNCIO

**PROCESO DE SELECCIÓN PARA A COBERTURA EN PROPIEDADE DE TRES PRAZAS, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, OFICIAL DE BRIGADA DE OBRAS, CORRESPONDENTES AO GRUPO C, SUBGRUPO C2, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE ORDES DO ANO 2025. EXPDTE. 2026/E001/000003.**

## RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRESENTADA.

O día 27-10-2026, e con rexistro de entrada número 202699900003792 da mesma data, **XXXXXXXXXXXX** presentou escrito solicitando a anulación da pregunta nº 4 do suposto práctico nº 1 fundamentándoa, en síntese, no feito de que a resposta que dou por correcta o Tribunal, a opción b), non pode selo xa que na nomeada opción dise que se solucionou o problema e o mesmo tempo que o "bache volverá a aparecer". Engade que as restantes opcións tampouco son correctas polo que debería anularse a pregunta e, ó non haber preguntas de reserva, recalcular a puntuación obtida polos aspirantes neste suposto práctico 1º considerando só as catro preguntas restantes do mesmo.

Examinada detidamente a redacción da pregunta en cuestión e as opcións de resposta que ofrece, o Tribunal considera que, efectivamente, a opción b), dada por correcta inicialmente, non pode selo por incorrer dita opción nunha contradición evidente ó afirmar que "el bache volverá a aparecer" é o mesmo tempo dicir que o problema se solucionou.

Así, debido a que as outras opcións de resposta desta pregunta tampouco poden considerarse correctas e á inexistencia de preguntas de reserva para substituíla, o Tribunal acorda por unanimidade anular a pregunta e proceder a recalcular as puntuacións obtidas polos aspirantes considerando só as restantes preguntas do suposto nº 1 e dividir o punto co que se valoraba a pregunta anulada entre as outras catro, a partes iguais, polo que cada unha destas pasará a valorarse con 1,25 puntos.

Feitos os cálculos, resulta que os aspirantes obteñen as seguintes puntuacións definitivas:

## PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DA 2ª PROBA DA FASE DE OPOSICION- PROBA PRÁCTICA-.

| CÓDIGO ASPIRANTE | SUPOSTO Nº 1 | SUPOSTO Nº 2 | SUPOSTO Nº 3 | SUPOSTO Nº 4 | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 6312480952 | 5,00 | 1,45 | 3,50 | 5,00 | 14,95 |
| 3501982746 | 5,00 | 0,80 | 2,00 | 4,00 | 11,80 |
| 8492015375 | 5,00 | 0,70 | 1,50 | 4,00 | 11,20 |
| 7310592841 | 5,00 | 3,60 | 4,00 | 5,00 | 17,60 |
| 5184209638 | 5,00 | 4,00 | 4,00 | 5,00 | 18,00 |
| 9047281353 | 5,00 | 1,75 | 2,50 | 5,00 | 14,25 |
| 4829103756 | 5,00 | 0,40 | 1,50 | 4,00 | 10,90 |



CVD: WblhVOmqdLImCZd0WZk2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.ordes.gal/

Unha vez abertos os sobres que conteñen os datos persoais e o código identificativo asignado a cada un dos aspirantes para a realización desta proba, resulta que obteñen as seguintes puntuacións definitivas:

| CÓDIGO ASPIRANTE | APELIDOS E NOME | PUNTUACIÓN DEFINITIVA |
|---|---|---|
| 6312480952 | MARCOS CASTRO FERNANDEZ | 14,95 |
| 3501982746 | ANTONIO CONDE PEREIRO | 11,80 |
| 8492015375 | JOSE ANTONIO PREGO REY | 11,20 |
| 7310592841 | ANDRES BOUZA TEIJEIRO | 17,60 |
| 5184209638 | JOSE LUIS MARTINEZ RODRIGUEZ | 18,00 |
| 9047281353 | JUAN CARLOS NOYA MOSQUERA | 14,25 |
| 4829103756 | JESUS VARELA MARZOA | 10,90 |

Polo tanto, todos os aspirantes logran superar esta proba por acadar a puntuación mínima de 10 puntos esixidos polas bases do proceso selectivo para non resultaren eliminados.

**RECURSOS**: Contra os presentes acordos do Tribunal poderá interpoñerse ante o Sr. Alcalde-Presidente o recurso de alzada previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que teña lugar a publicación dos mesmos.

O Secretario do Tribunal



CVD: WblhVOmqdLImCZd0WZk2 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.ordes.gal/